

**Táboa Redonda**

Domingo 17 de novembro de 2019

DIARIO DE PONTEVEDRA

4

POR  
Javier  
Nogueira


## De bichos célebres

**U**

NHA DAS mellores cousas dos éxitos editoriais non agardados é que convidan ás editoriais a afondar na bibliografía do autor que os protagoniza. Foi o caso do magnífico sobre as cores do ensaista francés Michel Pastoureau, un texto delicioso que editou hai un par de anos Periférica e que debeu encaixar ben, xa que o selo regresa ao medievalista para un asunto ben diferente pero tamén orientado cara a divulgación.

Trátase desta vez dos animais e en concreto dos 'Animales célebres'. Os seres humanos vivimos rodeados de fauna; pero nesta ocasión non falamos dun libro de zoología, senón dese xénero tan propio da Idade Media que é a miselánea. Dentro da nosa relación cos bichos, milleiros deles acudaron a fama. Fixérono por vías diversas: a lenda —por exemplo, a loba que deu orixe a Roma ao alimentar a Rómulo e Remo—, a mitoloxía —o Minotauro de Creta, morto por Teseo—, a relixión —a serpe que seduciú a Eva no Paraíso Perdido da Biblia—, a peculiar historia dos tempos antigos —os porcos que en Francia se xulgaba, torturaba e executaba por consideralos culpables da morte de nobres que sufrían accidentes ao bater contra eles—, a fábula, a literatura, os medios actuais (Mickey Mouse) e mesmo a ciencia más actual —a ovelha Dolly, famosa a finais do milenio pasado ao se converter no primeiro ser vivo que os humanos puideron clonar—.

Da man de Pastoureau repasamos estes casos e moitos máis, todos eles cunha lingüaxe amena e un ton que fai que pasemos páxina tras páxina. A comprobada habilidade do autor para o manexo da anécdota volve ser evidente. Non se trata de esgotar o tema, nin sequera de facer fondos ensaios sobre cada un dos animais,



senón de relatar un conto e, cando é preciso,clarar o que veu despois. Dito isto, non faltan análises de interese sobre certos temas, como cando o autor constata un evidencia que pode ser subversiva: o xigantesco Obelix e os seus xabáris ocuparon no imaginario colectivo o lugar principal dos cómics de Asterix e adiantaron ao pequeno galo e tamén ao minúsculo Idefix.

Se deixásemos o asunto aquí, porén, estaríamos a agochar certos aspectos da obra ao futuro lector que o poden botar para atrás. O máis evidente é a condición de francés do seu autor. Obviamente non é mala de seu... pero débese ter en conta que boa parte do narrado pertence ao imaginario cultural do país galo e, polo tanto, está afastado das culturas española ou galega. Polo tanto, non imos atopar referencias que serían evidentes nun libro escrito para

este mercado, caso dos imprescindibles caballos Babieca e Rocinante, ou o oso anónimo que papou ao rei astur Favila, o fillo do famoso Peñayo. Persoalmente, prefiro a versión orixinal... pero o certo é que o costume é facer adaptación nestas cuestións.

Tamén podemos atopar algúns pequenos desfases de tradución debidos a un feito do que o lector só é consciente ao chegar ao final: a obra orixinal de Pastoureau ten praticamente vinte anos de idade. Isto fai que nos últimos capítulos atopemos referencias inmediatas ao cambio de milenio e aquela época que o lector tentará atopar estrañas. En calquera caso, nada que impida gozar das anécdotas cheas de humor e erudición de Pastoureau e mesmo lamentar que a obra non sexa moi máis ampla para engadir horas ao noso pracer.

**ANIMALES CÉLEBRES**

Michel Pastoureau

Editorial Periférica Páxinas

256 Prezo 17,10€

**MARTIN EDEN**

Jack London

Editorial Irmás Cartoné  
Páxinas 498 Prezo 30,00€


Un mariñeiro de vinte anos, forte, guapo e curioso, cun historial de delincuencia e traballo rudo, é convidado case por accidente a cear nun fogar

pequeno burgués. El que só viu un óleo nos escaparates das tendas, que non ten nin idea do que é un lavafrutas, queda fascinado ante o que os seus ollos presentántelle como cultura e civilización. «Son como un navegante á deriva —confesálle á filla da casa—, sen cartas nin compás nun mar desconocido. Pero gustariáme atopar o rumbo. Talvez vostede poída axudarme. Onde aprendeu tanto?» A partir deste intre o mozo sente que ten «un mundo por conquistar», e a rapariga que o acolle pensa que debe salvalo «da maldición do ambiente en que había nado» e mesmo «de si mesmo, a pesar de si mesmo». En 'Martin Eden' (1909),

a máis autobiográfica das obras de Jack London, o modelo de novela de formación materializa-se nunha narración verídica tan completa e vital que deixá atras a retórica da verosimilitud. O proceso do seu heroe, de «verdadeiro salvaxe» a filosofo do individualismo nietzscheano, de basto traballador manual a respectado escritor de éxito, é descrito cunha intensidade á veces alucinatoria, pero sempre ancorada na realidade da experiencia, ata a súa conclusión fatalmente irónica. Incomprendida no seu momento, 'Martin Eden' acabou por converterse en lectura inesquecible para xeracións de escritores en cernes. POR R.L.

**DAVID GOLDER**

Irène Némirovsky

Editorial Irmás Cartoné  
Páxinas 227 Prezo 14,50€

Irène Némirovsky mostrou desde moi nova un talento excepcional. Con 26 anos publicou 'David Golder', acollida pola crítica como unha obra mestra. Toman-

do como modelo a figura dos pais, arquetipos do milenariano feito a si mesmo e da esposa egocéntrica e despilfarradora, despregá a súa aguda percepción psicolóxica na descripción do mundo dos grandes negocios, territorio de personaxes sen escrupulos: o seu voracidade dos homes é tan grande como a precarieza das súas fortunas. David Golder é un banqueiro caído en desgraza tras unha grave crise cardíaca sufrida nun casino da Costa Azul. Cando as malas noticias sobre a saúde do financeiro esténdense, as accións das súas empresas esborrallanse. Así, da noite para a mañá, Golder atópase na banca-rotta; arruinado, enfermo e abandonado pola súa muller e a súa única filla, reclíuse nun piso baileiro de París. Ainda que perdeu todo, ainda conserva o espírito loitador e o amor polo risco que lle permitiron abandonar o miserio gueto ucraniano onde naceu e convertérse nun dos homes máis adinerados de Francia. Cando a oportunidade de enriquecerse de novo se lle presenta de novo, Golder non dubidará un segundo en lanzarse á aventura, o que levará a algúns escenarios da súa mocidade. O risco, nada menos que a súa propia vida, é grande, pero a ganancia é ainda maior: obter unha fortuna superior á anterior e recuperar a filla, POR R.L.